



Praza número: 15/6002 **Número de prazas: 1**

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: PARCIAL P05

Área de coñecemento: Dereito Administrativo

Departamento: Dereito Público Especial

Docencia: 612G01017 Actuación e Bens das Administracións Públicas

4443202 Contratación

4500001 Lexislación. Regulación e Xestión

Centro: Facultade de Dereito

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do día 02/02/2016,

Vista a renuncia formulada pola primeira persoa proposta,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D.D^a. RAMÓN SANTIAGO PAZ LAMELA**.

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán as persoas interesadas interpor, potestativamente, un recurso de reposición perante esta Reitoría no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

A Coruña, 25/02/2016

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida os día 02 de febreiro de 2016, tomou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas nas prazas que se relacionan a continuación,

Praza 15/6002

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución Dedicación: Parcial
Área de coñecemento: Dereito Administrativo
Departamento: Dereito Público Especial
Centro: Facultade de Dereito

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por D. Ramón Santiago Paz Lamela e o informe da comisión de selección da praza, estiman axeitada a resposta da comisión avaliadora, agás as seguintes valoracións, referidas ao punto 2.5 nas que a puntuación ten que ser revisada:

- En canto a duración das bolsas/contratos predoutorais, no momento de presentar a documentación o reclamante, o 15/11/2015, este tiña gozado de 47 meses de bolsa/contrato FPU e non 44 meses que corresponden a data 31/08/2015.
- Neste mesmo punto, a normativa sinala con claridade que a puntuación a aplicarse ten que ser "*...2 puntos por ano, se está relacionada coa área; 4 puntos por ano se é na área.*".

De acordo con isto, a Comisión de Selección debe revisar a puntuación para todos os/as candidatos/as, corrixindo tamén o 25% aplicado ao reclamante.


Con data do 02 de febreiro de 2016 (saída núm. 101/1019 do 03/02/2016) foi requirida a comisión de selección da praza para que realizase unha nova valoración dos/as candidatos/as.

Con data do 22 de febreiro de 2016 (entrada núm. 101/739 do 23/02/2016), o presidente da comisión de selección remite unha a valoración dos/as candidatos/as efectuada pola comisión de selección con data do 22/02/2016.

Os/As membros da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado, que asistiron a reunión do 02/02/2016, revisaron o informe e a nova valoración dos/as candidatos/as estando conformes por unanimidade con esta nova valoración.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección e a nova puntuación dos/as concursantes (tanto o informe do 25/01/2016 como o do 22/02/2016) a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 24 de febreiro de 2016





Facultade de Dereito. Campus de Elviña
T 981 167 000 F 981 167 175 Ext.: 1627
www.dereito.udc.es

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
REXISTRO XERAL
23 FEB. 2016
ENTRADA NÚM. 101/739

FACULTADE DE DEREITO
A CORUÑA
22 FEB. 2016
SAÍDA N.º 2016/413/163

ASUNTO: Expediente provisión **Praza 15/6002**
(Profesor Contratado Interino de Substitución P05, Dereito Administrativo)

Sendo as 13:00 hs. do luns día 22 de febreiro de 2016, reúnese a Comisión Avaliadora da Praza 15/6002, previamente convocada ó efecto de dar cumprimento o acordo da Comisión de Reclamacións da UDC do día 02 de febreiro do 2016, tras analizar a reclamación formulada polo candidato D. Ramón Santiago Paz Lamela. Dito acordo foi comunicado o Decano da Facultade Dereito, na súa condición de Presidente da referida Comisión, en data 04 de febreiro de 2016 (entrada núm. 2016/413/97). O vogal desta Comisión, Prof. Dr. Carlos I. Aymerich Cano, en data 07 de febreiro do 2016 manifestou a súa vontade de absterse neste trámite habida conta da súa sobrevida condición de Secretario Xeral da UDC.


Atópanse presentes ademais do Presidente da Comisión, o Secretario desta, Prof. Dr. Jaime-Fco. Rodríguez-Arana Muñoz e os dous vogais integrantes da Comisión Avaliadora, Profs. Dr. Fco-Javier Sanz Larruga e Carlos A. Amoedo Souto. O Presidente da Comisión propón a facer a revisión da puntuación dos candidatos seguindo o acordo da Comisión de Reclamacións da UDC xa referenciado. Esta revisión ven referida o punto 2.5 do baremo, en canto a duración de bolsas/contratos predoutorais, tendo en conta que o referido reclamante no momento de presentar a documentación para participar nese proceso de selección tiña gozado de 47 meses de bolsa/contrato FPU; o tempo que é criterio da Comisión de Reclamacións que respecto desde mesmo punto, a normativa implica que se concedan ós candidatos dous puntos por ano se a bolsa/contrato está relacionada coa área de coñecemento da praza e catro puntos se é na mesma área de coñecemento. En consecuencia, en aplicación dos devanditos criterios da Comisión de Reclamacións da UDC, o Presidente da Comisión propón que se proceda a reavaliación dos candidatos (constando o resultado na táboa "Excel" que se achega), froito da que resulta a seguinte proposta:

NOME DO/A CANDIDATO/A	Puntuación total ponderada
MARTÍN GARCÍA, ANA M ^a	9,63
PAZ LAMELA, RAMÓN SANTIAGO	8,68
SÁNCHEZ GONZÁLEZ, JENNIFER	8,29
VILLANUEVA TURNES, ALEJANDRO	5,20
CABADAS BERMÚDEZ, LAURA MARÍA	2,32

O Presidente da Comisión, Prof. Dr. José Manuel Busto Lago manifesta expresamente a súa conformidade con este criterio e coa proposta que é consecuencia da mesma, que resulta ser a exposta.

Esta proposta non é asumida polo Secretario da Comisión de Avaliación Prof. Dr. Jaime-Fco. Rodríguez-Arana Muñoz, nin polos vogais Profs. Drs. Fco-Javier Sanz Larruga e Carlos A. Amoedo Souto, que se remiten os argumentos manifestados polos mesmos nun escrito remitido o reitor da UDC respecto deste tema en data 11 de febreiro do 2016 (rexistro de saída 2016/413/134) que tamén se achega.

En A Coruña, a 22 de febreiro de 2016.



ASDO.: JOSÉ MANUEL BUSTO LAGO
Presidente da Comisión de Avaliación
Decano da Facultade de Dereito - UDC

ASDO.: JAIME-F. RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ
Secretario da Comisión de Avaliación
Director do Dpto. de Dereito Público Especial

ASDO.: F.-J. SANZ LARRUGA
Vogal



ASDO.: CARLOS A. AMOEDO SOUTO
Vogal

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA UDC

PUNTUACIÓNS OUTORGADAS AOS CONCURSANTES

CONTRATADORA INTERINO/A

Categoría da praza:
Indique o número de concurso:

Concursante	Bloque I			Bloque II			Bloque III			Bloque IV			Bloque V			Bloque VI		
	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3	4	5	6
CABADAS BERMUDEZ, Laura María	8,00	27,50	2,50	3,00	6,00	9,00	0,50	0,15										
MARTIN GARCIA, Ana María	8,00	0,36	6,50	9,93	0,22	2,95	0,30	0,33	3,00									
PAZ LAMELA, Ramón Santiago	8,00		12,00	3,33	0,30		0,50	0,75	4,50	2,00	1,50		1,00	0,50		1,00	0,50	
SÁNCHEZ GONZÁLEZ, Jennifer	8,00		2,00	1,70				0,75	6,75	0,75			1,00	0,10		2,00	2,00	3,80
VILLANUEVA TURNES, Alejandro										0,75								0,50
Puntuación máxima acadada	23,04	0,00	0,00	12,00	9,93	9,00	2,95	0,00	0,25	0,00	0,50	0,00	1,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Concursante	Bloque I			Bloque II			Bloque III			Bloque IV			Bloque V			Bloque VI		
	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3	1	2	3	4	5	6
CABADAS BERMUDEZ, Laura María	8,00	27,50	2,50	3,00	6,00	9,00	0,50	0,15										
MARTIN GARCIA, Ana María	8,00	0,36	6,50	9,93	0,22	2,95	0,30	0,33	3,33									
PAZ LAMELA, Ramón Santiago	8,00		12,00	3,33	0,30		0,50	0,75	4,50	2,00	1,50		1,00	0,50		1,00	0,50	
SÁNCHEZ GONZÁLEZ, Jennifer	8,00		2,00	1,70				0,75	6,75	0,75			1,00	0,10		2,00	2,00	3,80
VILLANUEVA TURNES, Alejandro										0,75								0,50
Puntuación máxima acadada	23,04	0,00	0,00	12,00	9,93	9,00	2,95	0,00	0,25	0,00	0,50	0,00	1,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

PUNTUACIÓNS TOTAIS PONDERADAS

Concursante	Bloque I	Bloque II	Bloque III	Bloque IV	Bloque V	Bloque VI	TOTAL
CABADAS BERMUDEZ, Laura María	23,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	23,04
MARTIN GARCIA, Ana María	23,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	23,04
PAZ LAMELA, Ramón Santiago	23,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	23,04
SÁNCHEZ GONZÁLEZ, Jennifer	23,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	23,04
VILLANUEVA TURNES, Alejandro	23,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	23,04
TOTAL	115,20	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	115,20

Data: 22 febreiro 2016

O Presidente

O Secretario



[Handwritten signature]
Asdo. José Manuel Busto Lago

Asdo.: Jaime Fco. Rodriguez-Arana Muñoz



ASUNTO: INFORME que rende a Comisión de Selección da praza 15/6002, para a provisión dunha praza de Profesor contratado interino de substitución para a área de Dereito Administrativo (dedicación P05, docencia nas materias de *Actuacións e Bens das Administracións Públicas; Contratación; Lexislación, regulación e xestión*) e, perante o escrito de reclamación e alegacións presentado con data 15 de xaneiro polo interesado D. RAMÓN SANTIAGO PAZ LAMELA, concursante na devandita praza, á proposta de resolución elevada o reitor da UDC pola Comisión xulgadora do concurso de méritos na súa reunión do 11 de xaneiro do 2016 e publicada tanto no taboleiro da Facultade de Dereito, como a través da *web* da Vicerreitoría de Profesorado.

De conformidade coa base 7.7 do presente concurso de selección, aprobada mediante Resolución reitoral do 28 de outubro do 2015, e publicadas no Taboleiro electrónico oficial da UDC con data 4 de novembro do 2015, e no DOG con data 6 de novembro do 2015, unha vez presentada reclamación ou alegacións en relación coa proposta de resolución da comisión xulgadora, procede que a Comisión xulgadora renda informe razoado sobre a mesma, para a súa elevación á Comisión de Reclamacións, quedando mentres tanto suspendida a resolución definitiva do presente concurso.

A tal efecto, e unha vez visto o contido da reclamación presentada polo interesado D. RAMÓN SANTIAGO PAZ LAMELA, procede informar o seguinte:

PRIMEIRO.- Alegacións relativas á correcta composición e constitución da comisión xulgadora.

En relación coa composición da comisión de selección, o reclamante fai en primeiro lugar unha serie de consideracións verbo da presunta obriga de abstención do vogal profesor doutor Fco. Javier Sanz Larruga, por canto media unha relación de tutorización "*mediata e inmediata en la formación predoctoral de una de las candidatas, Jennifer Sánchez González*".

Porén, o interesado non cita a concreta causa ou motivo legal de entre os previstos no artigo 28.2 LPAC polo cal concorrería unha causa de abstención neste caso. Proba da imparcialidade coa que se manifestou en todo momento o profesor Sanz é o feito de que a proposta foi elevada por unanimidade de todos os seus membros.

Por último, indicar que o interesado non exercitou o seu dereito de recusación do profesor Dr. Fco. Javier Sanz Larruga no momento procedimental oportuno, unha vez coñecida a composición da comisión xulgadora, que se fixo pública o 21 de decembro



do 2015, no momento en que se publicou a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas ao concurso.

En segundo lugar, o reclamante acusa de irregular a composición da comisión de selección, por non atender as regras de paridade previstas nas bases da convocatoria.

Porén, como o propio reclamante reproduce, a base 5.7 da convocatoria obriga a motivar fundada e obxectivamente as causas polas que non se poda cumprir a composición equilibrada entre homes e mulleres, constando no expediente que a vogal titular, profesora Dr^a María Victoria de Dios Viéitez, non puido asistir á comisión pola morte de seu pai, polo que se solicitou do Reitor a súa substitución polo vogal suplente, Carlos A. Amoedo Souto, actuando en todo momento con plena suxeición ás bases reguladoras.

SEGUNDO.- Alegacións relativas aos criterios de valoración aprobados pola comisión.

En relación cos criterios de valoración, a Comisión actuou de conformidade co previsto no punto 6.5 das bases da convocatoria (punto 7.5 da Normativa reguladora dos procedementos de selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 30 de abril do 2014), que establece que con carácter xeral a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza.

O perfil da praza aparece vinculado ás materias concretas da docencia atribuída no POD vixente á área de dereito administrativo que se reflicten na convocatoria: 612G01017 Actuación e Bens das Administracións Públicas; 4443202 Contratación; 4500001 Lexislación. Regulación e Xestión.

Fronte ao argumentado polo reclamante sen ningún sustento probatorio, a Comisión aprobou os criterios de avaliación dentro das marxes establecidas polo baremo xeral, e antes de coñecer a identidade dos cinco concursantes.

Ao abeiro do seu xuízo académico técnico (e aquí, hai que lembrar a presenza de catedráticos de universidade de dereito civil (1) e dereito administrativo (2), así como de titulares de dereito administrativo (2) e unha contratada doutora de dereito penal), a Comisión entendeu oportuno fixar, en función do perfil docente da praza, os seguintes criterios de afinidade dos méritos:

- Ponderación máxima a materias relacionadas co Dereito Administrativo
- O 50 % da ponderación máxima a outras materias xurídico-públicas.
- O 25 % da ponderación máxima a outras materias xurídicas.
- O 12,5 % a calquera outra disciplina académica.

Asimesmo, a Comisión estableceu que onde a normativa de aplicación empregue a expresión "relacionada coa área" ou coa "praza", por estas había de entenderse



exclusivamente a área de dereito administrativo. Ademais de motivarse de xeito obxectivo en razóns académicas, este proceder é coherente cos precedentes administrativos seguidos para a fixación dos criterios de avaliación de múltiples prazas de PDI, onde, con independencia das disquisicións epistemolóxicas que podan realizarse sobre os límites das disciplinas académicas, existe unha tradición disciplinar comunmente establecida, que é a que permite identificar os contidos integrantes das distintas áreas de coñecemento, sendo os membros das comisións os titulares da discrecionalidade técnica que permite xulgar motivadamente sobre esa adecuación, pertinencia e relevancia dos méritos alegados polos concursantes para o correcto desempeño da docencia atribuída á praza. Lonxe de ser isto unha arbitrariedade ou unha presunta desviación de poder, tal forma de proceder cumpre correctamente coas bases e coa máis recente xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre a natureza e límites da discrecionalidade técnica (*vid.*, por todas, a STS de 31 de xullo do 2014 [RJ 3719/2014]).

Unha vez publicado o baremo no taboleiro habilitado ao efecto na Facultade de Dereito e na *web* da Vicerreitoría, a comisión accedeu á documentación e comezou a traballar na aplicación singularizada dos criterios de avaliación aos concretos méritos alegados polos concursantes, dividindo os méritos nos bloques previstos na convocatoria. A comisión utilizou ao efecto a táboa *excel* fornecida desde a vicerreitoría de profesorado, sendo a puntuación finalmente atribuída a cada un deles a reflectida na prelación que se publicou no Taboleiro:

1. Ana María Martín García (9,11)
2. Jennifer Sánchez González (8,26)
3. Ramón Santiago Paz Lamela (8,12)
4. Alejandro Villanueva Turnes (5,20)
5. Laura María Cabadas Bermúdez (2,32)

Como consideración xeral sobre a puntuación dada ao recorrente, convén ter presente que o seu perfil académico, docente e investigador, se corresponde co dun licenciado en formación na área de Dereito internacional privado da Universidade da Coruña, na que obtivo o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) e na cal ven traballando, como investigador e coma bolseiro de investigación, desde o ano 2009.

Alega o recorrente que a súa puntuación é incorrecta, en tanto reflicte diversas incoherencias, erratas e falta de motivación. En concreto:

- Verbo do **BLOQUE II (formación académica de posgrao)**. Considera que é "irregular" que se outorgue a máxima cualificación a todos os concursantes. Porén, da documentación achegada polos concursantes se desprende que a valoración dos seus méritos neste apartado foi coherente e homoxénea.
- No apartado de cursos de posgrao relevantes para a praza, o recorrente achegou a documentación correspondente ao curso "*Seminaire de droit européen*", con 24 horas, o "*Curso de Derecho Internacional y Relaciones Internacionales de Vitoria-Gasteiz*", con 30 horas, e o "*Courses in Private*



International Law", de 120 horas. Estas horas foron ponderadas, en función da súa afinidade co perfil da praza, obtendo un total de 0,36 puntos, criterio no que se ratifica a comisión xulgadora.

- No apartado de "outras accións de formación realizadas", os méritos alegados polo recorrente puntuáronse con 6,5 puntos, sendo 3 puntos os correspondentes aos idiomas estranxeiros (1 polo nivel elemental de francés, e 2 por nivel intermedio de alemán, mais 2 puntos correspondentes ao Celga 4 de idioma galego, e 1,5 puntos polos cursos de formación complementaria acreditados). A comisión ratifícase na anterior puntuación.
- O apartado 5 (bolsas predoutorais), considera o recorrente mal puntuados os meses durante os cales disfrutou das bolsas FPU (44 meses) e de terceiro ciclo da Xunta de Galicia (24 meses), así como unha bolsa non asimilable a FPU con concorrencia competitiva (18 días). Porén, estes méritos foron ponderados por afinidade á área de dereito administrativo, de conformidade cos criterios específicos aprobados pola comisión, nun 25%, de maneira que a súa puntuación total foi de 4,30.
- Os méritos achegados polo concursante no apartado de estadias predoutorais (unha semana na facultade de dereito na Universidade Complutense, e 13 semanas no *Institut Suisse de Droit Comparé*) foi valorado pola Comisión con 0,22 puntos, coa ponderación por afinidade correspondente (25%), tendo en conta que a afinidade se aplica ás materias obxecto da estadia (tal e como consta no certificado achegado polo propio reclamante no documento 43, as materias estudadas durante a estadia foron "*le droit de famille et des successions ainsi que le droit penal, bancaire et commercial*"), e non ao centro en sí. A comisión ratifícase, pois, na puntuación outorgada a estes méritos.
- No BLOQUE III (experiencia docente), considera que debe elevarse a puntuación, sen aplicación do criterio de ponderación do 25% por afinidade, outorgando un total de 11,8 puntos ás 236 horas certificadas de POD, fronte aos 2,95 puntos outorgados pola Comisión coa ponderación do 25%. Porén, cumpre ratificar o criterio da comisión, pois as materias impartidas polo recorrente son claramente ponderables por afinidade nun 25%, por corresponderse coas materias atribuídas nos POD á área de dereito internacional privado.
- No apartado III.2 de dirección de traballos de fin de grao e de fin de mestrado, a comisión outorgou unha puntuación de 0,25 ao TFM da Avogacía dirixido sobre "*o Convenio da Haia de 1980 sobre aspectos civís do rapto de menores e a súa aplicación en España*". Esta puntuación debeu terse incluído na excel no apartado 2, pero por erro material foi incluído no apartado III, no que o



recorrente no achegou mérito algún. Este erro, no entanto, non modifica a puntuación final do recorrente.

- No apartado III.5, preparación de materiais docentes universitarios, os méritos achegados polo recorrente foron puntuados con 0,3 puntos, na medida en que os manuais son en coautoría, e coa ponderación por afinidade correspondente a materias de dereito internacional privado.
- No apartado de outros méritos docentes, o recorrente considera insuficiente a valoración de 1,5 puntos. Porén, a comisión ratifícase na puntuación outorgada, por terse alegado méritos que na súa maior parte fan referencia á pertenza de comisións, órganos colexiados ou consellos de redacción. Os méritos que se consideraron docentes (coordinación de materia de libre elección, coordinador de alumnado de mestrado de estudos da unión europea, membro da comisión de docencia da Facultade de Dereito e Coordinador Erasmus para Alemaña, Polonia, Lituana e Bulgaria da Facultade de Dereito) mereceron a puntuación de 1,5 (0,25 para o primeiro mérito, 0,5 para os dous seguintes e 0,25 para o último).
- No BLOQUE IV, produción investigadora, a comisión ratifícase na puntuación de 0,33 puntos para as cinco conferencias, por aplicación do baremo aos méritos achegados polo concursante agora recorrente, en especial no caso das contribucións de relevancia científica presentadas en congresos, pola falta de vinculación coa área de dereito administrativo.
- No BLOQUE V (experiencia investigadora relacionada coa área), o recorrente discrepa coa puntuación outorgada á súa participación organizativa en congresos e simposios, por considerar que non se podería ponderar a afinidade co 25%. A comisión aplicou a ponderación no entendemento de que, sendo aquí os méritos a valorar de tipo investigador, debe entrar a axuizar o contido e calidade das materias que se abordan nos congresos e simposios. En especial, de conformidade co baremo e os criterios específicos aprobados, a súa vinculación ás materias cuxa docencia integra o perfil da praza.
- En canto á valoración dada pola comisión ao BLOQUE VI (actividade profesional relacionada coa praza, fóra do ámbito académico universitario), o recorrente discrepa coa valoración de 0,85 puntos dada ao seu mérito consistente nun contrato de traballo de tres meses (1 de abril a 30 de xuño) a tempo completo como asesor legal interino para o departamento federal de xustiza e policía da Confederación helvética. A normativa de aplicación establece que neste ámbito "*Computarase até 7 puntos por ano na medida en que os postos ou funcións desempeñados sexan relevantes para o perfil da praza e da dedicación a tempo completo ou parcial*". O contrato de traballo achegado non permite coñecer en detalle as funcións de asesoramento que se



prestaron durante ese período de tres meses, nin a súa relevancia para o perfil da praza, polo que a comisión entendeu aplicable un criterio de ponderación do 50% aos sete puntos máximos, prorrateados a tres meses. Como sinala o recorrente, houbo aquí un erro aritmético, pois o resultado desta operación é 0,875 (en redondeo, 0,88), e non 0,85. Este erro aritmético, no entanto, non varía o resultado final do concurso nin a puntuación do concursante, que se mantén nos 8,12 puntos finais.

6

Finalmente, e para non entrar en maiores disquisicións sobre a velada acusación de desviación de poder, esta comisión entende que a mellor maneira de corroborar a obxectividade e imparcialidade da actuación da comisión na aprobación e aplicación dos criterios específicos de afinidade da praza é o propio feito de que resultase gañadora da mesma unha doutora formada na área de Dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela, sen relación académica algunha coa área de Dereito administrativo da Universidade da Coruña.

E todo canto se informa aos efectos oportunos.

A Coruña, a 25 de xaneiro do 2016.

O Presidente da Comisión

Asdo.: José Manuel Busto Lago

O Vogal 1º

Asdo.: F. J. Sanz Larruga

O Vogal 3º

Asdo.: C. A. Amoedo Souto

O Secretario da Comisión,

Asdo.: J. Rguez-Arana Muñoz

O Vogal 2º

Asdo.: C. I. Aymérich Cano

Rep. Tras.

Luz M^e Puente Arna